

DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA A ACTUACIÓN COMO AXENCIA DE COLOCACIÓN

ALTA INICIAL

AMPLIACIÓN DE CENTROS DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Neste caso indique o n.º de axencia de colocación: _____

I.-DATOS DO TITULAR

NOME E APELIDOS ou RAZÓN SOCIAL <small>(Persoa física, entidade ou empresa)</small>	NIF/NIE	CÓDIGO CONTA COTIZACIÓN
DOMICILIO SOCIAL (Rúa, praza, n.º, piso, etc.)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
CORREO ELECTRÓNICO PÚBLICO <small>Esta dirección publicaráse na web do S.N.E.</small>	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2

A entidade é Empresa de Traballo Temporal? SI NON

En caso afirmativo, Número de Autorización como ETT _____

2.-DATOS DO REPRESENTANTE LEGAL

(Persoa que representa legalmente á axencia, asina e presenta a declaración asumindo a responsabilidade da mesma)

NOME E APELIDOS	CARGO OU REPRESENTACIÓN QUE OSTENTA	NIF/NIE
-----------------	-------------------------------------	---------

3.-MEDIO DE NOTIFICACIÓN

<input type="checkbox"/>	DESEXO SER NOTIFICADO POR MEDIOS ELECTRÓNICOS	ENDEREZO ELECTRÓNICO (opcional)
<input type="checkbox"/>	DESEXO QUE AS NOTIFICACIÓN S EXAN ENVIADAS POR CORREO POSTAL Á SEGUINTE PERSOA E ENDEREZO: <small>(Unicamente para persoas físicas non obrigadas a relacionarse electronicamente coa Administración)</small>	
NIF/NIE	NOME E APELIDOS	
DOMICILIO (Rúa, n.º, piso, letra, etc.)		
LOCALIDADE	PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
	TELÉFONO 1	TELÉFONO 2

6.- AUTORIZACIÓNS

De acordo co establecido no R.D. 522/2006, do 26 de abril, (BOE do 9 de maio) a persoa abaixo asinante autoriza ao Servizo Público de Emprego a verificar os seus datos persoais a través do Sistema de Verificación de Datos de Identidade:

Autoriza Non autoriza

No suposto de non autorizar, deberase achegar fotocopia do documento acreditativo da identidade do declarante.

7.- DECLARACIÓN RESPONSABLE E COMPROMISOS

A persoa abaixo asinante declara responsablemente, que a entidade sobre a que presenta esta declaración, cumpre os requisitos establecidos para o exercicio da actividade de axencia de colocación e dispón da documentación que así o acredita, e en particular:

- 1) Que se atopa ao corrente do cumprimento das súas obrigas fiscais e fronte á Seguridade Social.
- 2) Que está debidamente constituída e inscrita no rexistro correspondente (só no caso de persoa xurídica).
- 3) Que non se atopa incurso en circunstancia algunha das que prohiben contratar coa administración, conforme ao disposto na Lei 9/2017 do 8 de novembro de Contratos do Sector Público.
- 4) Que dispón de solvencia técnica suficiente para desenvolver a actividade de intermediación, o que implica:

1º. Dispoñer da metodoloxía de actuación adecuada, que comprenderá:

- a) Os procedementos, métodos e instrumentos para valorar os perfís, aptitudes, coñecementos e cualificación das persoas traballadoras coa fin de axustalos aos requirimentos e características dos postos de traballo ofertados.
- b) O material técnico necesario para efectuar as diversas actividades de intermediación e, no seu caso, actuacións relacionadas coa busca de emprego, coa selección de persoal e a orientación e información profesional.

2º. Dispoñer dun sistema informático compatible co sistema de información dos servizos públicos de emprego (SISPE) que permita acceder ao sitio web determinado no marco do Sistema Nacional de Emprego, para remitir mensualmente, a información da súa actividade como axencia de colocación.

A estrutura de datos e o procedemento de transmisión serán os recollidos no documento de instrucións publicado na páxina web do Sistema Nacional de Empleo.

- 5) a) Que dispón da seguinte páxina web onde se desenvolve a súa actividade como axencia de colocación:

b) Que dispón da seguinte dirección de correo electrónico específica para recibir as comunicacións dos Servizos Públicos de Emprego e do Sistema Nacional de Emprego.

Esta dirección deberá ser distinta das que se fagan constar nos apartados: 1. Titular da axencia e 5b. Centros de atención ao público, deste documento, que serán as que se publiquen na páxina web do Sistema Nacional de Emprego.

- 6) Que os centros de atención ao público dos que dispón cumpren os requisitos esixidos, tendo en conta a súa dimensión, equipamento e réxime de titularidade, o que implica:

1º. Que dispón da propiedade, arrendamento ou dereito de uso das instalacións.

2º. Que dispoñen de Licenza Municipal de apertura, ou no seu defecto, solicitude da mesma ou outra documentación habilitante, adecuada á actividade a desenvolver de acordo á normativa municipal aplicable.

3º. Que se axustan á normativa vixente en materia de seguridade e hixiene e prevención de riscos laborais de centros de traballo.

4º. Que cumpren coa lexislación vixente sobre accesibilidade universal, sen que exista discriminación das persoas con discapacidade, dándose de forma efectiva a igualdade de oportunidades.

5º. Que contan con espazos adecuados, debidamente identificados e diferenciados para o desenvolvemento da actividade debendo dispoñer, como mínimo, de espazos para información e espera, para atención individualizada e para atención grupal.

6º. Que dispoñen dun horario de atención ao público de, como mínimo, vinte e cinco horas semanais.

e comprométese a:

- 1) Garantir ás persoas traballadoras a gratuidade pola prestación de servizos, tanto da intermediación laboral como daquelas actuacións relacionadas coa busca de emprego, estando incluídas neste último apartado as accións de orientación laboral.
- 2) Garantir, no seu ámbito de actuación, o principio de igualdade no acceso ao emprego, non podendo establecer discriminación algunha, directa ou indirecta, baseada en motivos de orixe, incluído o racial ou étnico, sexo, idade, estado civil, relixión ou conviccións, opinión política, orientación sexual, afiliación sindical, condición social, lingua dentro do Estado e discapacidade, sempre que os traballadores se atopen en condicións de aptitude para desempeñar o traballo ou emprego de que se trate.
- 3a) Dispoñer, en cada centro de atención ao público nos que desenvolve a súa actividade, dun número suficiente de persoas para atender adecuadamente aos usuarios. Este número será como mínimo de dúas persoas e polo menos o 50 por cento deberá ter titulación universitaria. Así mesmo, polo menos o 50 por cento do persoal que atenda ás persoas traballadoras deberá contar cunha experiencia mínima de seis meses en programas de emprego e/ou xestión de recursos humanos.
- 3b) Se a actividade se realiza exclusivamente medios electrónicos, dispoñer de, polo menos, cunha persoa titulada universitaria e cunha experiencia mínima de seis meses en programas de emprego e/ou xestión de recursos humanos.
- 4) Garantir o respecto á intimidade e dignidade das persoas traballadoras no tratamento dos seus datos, sometendo a actuación nesta materia á normativa aplicable de protección de datos de carácter persoal.
- 5) Cumprir as obrigas e os requisitos, e mantelos durante o período de exercicio da actividade, establecidos para as axencias de colocación na Lei 3/2023, do 28 de febreiro, de Empleo, e no RD 1796/2010, do 30 de decembro, polo que se regulan as axencias de colocación, nos instrumentos de coordinación que formalicen os Servizos Públicos de Empleo, de acordo co previsto no artigo 4 do Real Decreto 1796/2010, do 30 de decembro, incluíndo o documento de requisitos e obrigas de actuación das axencias de colocación publicado na páxina web do Sistema Nacional de Empleo, así como calquera outra obrigación que normativa o regulamentariamente se estableza e as demais instrucións e procedementos que determinen os Servizos Públicos de Empleo.

A inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento, de carácter esencial, que se acompañase ou incorporado a esta declaración responsable, así como o incumprimento dos requisitos, obrigas e compromisos establecidos, determinarán a nulidade desta declaración responsable e, serán causa de baixa na condición de axencia de colocación, sen prexuízo das responsabilidades penais, civís ou administrativas a que houbera lugar.

A persoa abaixo asinante faise responsable da veracidade dos datos consignados.

Así mesmo, autoriza ao Servicio Público de Empleo a verificar os datos anteriores mediante solicitude de información por calquera medio ás administracións públicas correspondentes.

A sinatura desta declaración responsable leva consigo a aceptación das obrigas, requisitos e compromisos recollidos na mesma

En, ade de

Sinatura:

Os datos de carácter persoal recollidos nesta declaración formarán parte dun ficheiro de titularidade do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE), aos únicos efectos de xestionar a declaración presentada, e quedan sometidos á protección establecida na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A presentación da declaración leva consigo a autorización da entidade solicitante para tratalos de xeito automático e cedelos para fins de avaliación e control aos organismos de control nacionais e comunitarios. Conforme á Lei Orgánica citada, a entidade declarante poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición mediante escrito dirixido ao Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE).